

## Nin eliminación da taxa de reposición, nin incremento salarial para frear a perda de poder adquisitivo

**Novo capítulo do confinamento da negociación colectiva por parte do goberno español, desprezando aos sindicatos da Mesa Xeral das Administracións Públicas e impondo medidas sen previa negociación nin debate**

Nunha reunión da Mesa Xeral das AA.PP. do Estado por videoconferencia con presenza das organizacións sindicais CIG, ELA, CSIF, UGT e CCOO, así como representantes de todas as administracións autonómicas e da FEMP, o Secretario de Estado do Ministerio de Política Territorial e Función Pública presentou, tan só unhas horas antes da reunión do Consello de Ministros e cando xa as dera a coñecer á prensa, as novidades que se incorporarán no proxecto de Lei de Orzamentos do Estado para 2021 a respecto dos e das empregadas públicas.

A confirmación da **suba do 0,9% das retribucións** así como pequenos cambios nos permisos regulados no EBEP ou o mantemento da taxa de reposición, sen ter enviado até agora ningún documento, foron as únicas novidades dunha reunión que foi abertamente criticada pola representación da CIG.

A reunión foi, por tanto, a demostración de que tamén a capacidade de negociar do actual goberno español está confinada. A perda de poder retributivo desde o ano 2010 mantense, malia a existencia nestes últimos anos dun acordo que foi vendido polos sindicatos asinantes como unha oportunidade para “recuperar o arrebatado”. A suba do 0,9%, que nin sequera inclúe cláusula de garantía salarial, non servirá tampouco desta volta para camiñar nesa recuperación da perda de

Evolución IPC-Salarios 2010-21

ANO	IPC ESTADO	VARIACIÓN	PODER ADQUISITIVO
2010	3,00	-5,00	-8,00
2011	2,40	0,00	-2,40
2012	2,90	0,00	-2,90
2013	0,30	0,00	-0,30
2014	-1,00	0,00	1,00
2015	0,00	0,00	0,00
2016	1,60	1,00	-0,60
2017	1,10	1,00	-0,10
2018	1,20	1,75	0,55
2019	0,80	2,50	1,70
2020	-0,40	2,00	2,40
2021	0,90	0,90	0,00
<b>2010 - 2021</b>	<b>13,27</b>	<b>4,02</b>	<b>-9,25</b>

Fonte dos datos:

IPC interanual até 2019 (mes de decembro): INE

IPC previsto 2020 (interanual setembro): INE

IPC previsto 2021: previsión do Goberno

poder adquisitivo, que a día de hoxe rolda xa o 10%.

A CIG demandou un maior esforzo retributivo que venza as limitacións de tantos anos de recortes e do fracaso do pacto sindical co anterior goberno do PP.

### **Preocupación pola aplicación de acordos retributivos e carreiras profesionais no ámbito da Xunta**

A CIG foi a única organización sindical que propuxo que a suba retributiva do 0,9% imposta polo goberno español non tivese carácter básico e

que non limitase a posibilidade de aplicar outras subas retributivas pendentes nas diferentes administracións. Así, no ámbito galego, está pendente a carreira profesional no SERGAS e na Administración Xeral da Xunta e o último prazo do mal chamado acordo retributivo de homologación do profesorado; o mesmo sucede en varios acordos das administracións locais galegas. Se a suba do 0,9% se impón como un tope e non se dá cobertura legal á consecución dos obxectivos deses acordos ou carreiras pactadas, os incrementos pendentes serían eliminados. O Secretariado de Estado non deu resposta á nosa demanda.

No caso do persoal docente galego o que aínda queda pendente do acordo que asinaron CCOO e UGT é o pago da maior contía da suba (30€, un terzo do total dos 90€ pactados a pagar en catro cómodos prazos desde o 2018). A CIG vai trasladar aos grupos parlamentares no Congreso unha proposta para evitar que as subas salariais de cada sector por riba do 0,9% se poidan ver afectadas e demandará á propia Xunta que faga valer as súas competencias se é que realmente quere executar os pagos pendentes.

### **Mantéñense as taxas de reposición**

Malia a situación actual con altas taxas de temporalidade e unha vez que remata a vixencia do actual acordo sindical dos sindicatos estatais CCOO, UGT e CSIF, no que aceptaron o mantemento de distintas taxas de reposición até o ano 2020, o Goberno propón que a taxa se manteña durante o 2021 con lixeiros cambios. Sorprendentemente, os mesmos sindicatos que deron o visto bo á situación actual co acordo co PP, demandan agora que se elimine o que eles apoiaron no IIº Acordo para o emprego público e condicións de traballo 2018-2020, sumándose á demanda que a CIG vén mantendo en solitario nos últimos anos de que se elimine calquera taxa de reposición (ou cando menos o seu carácter de

normativa básica). Iso si, sen ningún rubor nin autocrítica polo pactado no 2018.

A proposta do Goberno é unha **taxa do 110% no caso de sectores prioritarios (educación, sanidade, universidade, xustiza, ciencia...)** Só se poderían convocar 110 prazas de oposicións por cada 100 xubilacións. Esta mesma porcentaxe se aplicaríase a concellos coa débeda amortizada. Noutros sectores (administración xeral) a taxa sería do 100% ou mesmo do 115% no caso das forzas e corpos de seguridade.

A CIG reclamou a eliminación da taxa de reposición e lembrou que impoñer taxas desde o goberno central implica eliminar a capacidade das administracións autonómicas ou locais para crear emprego neto ou aprobar ofertas de emprego amplas, que dean resposta á alta taxa de temporalidade. O propio secretario de Estado recoñeceu unha taxa media superior ao 24% no conxunto do Estado, acusando ás CC.AA. de ser as responsables de manter esas cifras tan elevadas, ao tempo que se nega a eliminar o carácter básico das taxas de reposición. Cabe lembrar novamente que **até o ano 2010 as taxas de reposición non existían en ámbitos como a educación ou a sanidade.**

### **A CIG demandou tamén a derogación da normativa limitativa de dereitos**

A CIG demandou tamén a derogación dos Reais Decretos-Lei que se nos foron impoñendo ao persoal das administracións públicas dende o ano 2010 polos sucesivos gobernos do PSOE e do PP, a saber: RD-Lei 8/2010, RD-Lei 20/2011, e RD-Lei 20/2012, polos que se adoptaron medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que implicaron a supresión de importantes dereitos laborais e salariais arrebatados ás persoas empregadas públicas neste período co pretexto da crise, pero unha vez máis os representantes do Goberno deron a calada por resposta.